INFANTIL



A cabra boba. Pep Bruno. Editorial OQO. Despois de buscar por toda a aldea Miguel atopou a súa cabra no tellado. Pensará que é un "catavento" ou unha cheminea?, ou quizais un gato? preguntábase Miguel

Mini álbum de la granja. Jordi Induráin. Editorial Larousse. Animais de granxa, as ferramentas máis habituais, as crías máis tenras e un montón de curiosidades para pasear polas partes da granxa. Máis de 300 imaxes.

Mi abuelo. Marta Altes. Editorial Macmillan. Un libro cheo de ternura sobre o inmenso cariño dun neto polo seu avó. O meu avó estase facendo maior pero el é así, e por iso o quero.

Os monstros grandes non choran. Áslaug Jónsdóttir. Sushi books. A Monstro Pequeno todo lle sae xenial. Pola contra, Monstro Grande é un zoupón. Monstro Grande ponse cada vez máis triste, pero que pode facer? Todo o mundo sabe que os monstros grandes non choran.



Na cociña de noite. Maurice Sendak. Editorial Kalandraka. "Nos forneamos para ti, mentres ti durmes". Que pasa na cociña cando Miguel esperta e ve a tres cociñeiros preparando un pastel para o almorzo?

BOAS LECTURAS E...
FELIZ VERÁN!

CEIP DE AGOLADA
GUÍA DE LECTURA
VERÁN 2014

Equipo da biblioteca
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipagolada/

1º CICLO

O pito Cairo. Marisa Núñez. Editorial Kalandraka. Esta é a historia dun poliño que un día se atopou cunha bolsa chea de moedas de ouro. Levoulla ao rei, pero aquel rei era moi, moi mesquiño.

Los piratas. Marie Delafon. Editorial Larousse. Fascinante viaxe polo mundo pirata, para coñecer os seus barcos, os seus costumes. Descubrirás a illa do tesouro e aprenderás os datos máis curiosos sobre estes terribles lobos de mar.





A burra Ramona. Paula Carballeira. Editorial Baía. A burra Ramona un bo día, deixa de traballar e decide que quere voar. Unha chea de personaxes colaborarán con ela e conseguirán realizar os seus soños aprazados.

Todo sobre caballos y ponis. Andrea Erne. Editorial Elfos. Que equipo necesitan o cabalo e o xinete? Que son as axudas? Aquí coñecerás todo o relacionado co mundo do cabalo, explicado dun xeito claro e preciso.



As noites de Xián, Concha Blanco. Editorial Xerais. Xián nacera nunha vila mariñeira e desde o seu cuarto escoitaba o romper das ondas que o arrolaban para coller o sono. Un día tivo que deixar a súa vila, pero algo lle faltaba para durmir, o son do mar.

2º CICLO



Aprende a jugar al fútbol. VVAA. Editorial San Pablo. Mellora o teu xogo, coñece as regras, aumenta as túas habilidades. Neste libro coñecerás aspectos básicos do fútbol que seguramente che axudarán a perfeccionar a túa forma de xogar.

Aprende a dibujar. Rosa Mª Curto. Editorial Edebé. Aprender a debuxar pode resultar máis sinxelo do que pensamos, sobre todo se segues os consellos deste libro. Descubre que podes debuxar todo o que te rodea a partir de figuras.





Feroz, o lobo. Margarita del Mazo. Editorial OQO. Cando esperta, Feroz, arránxase e sae a toda présa en busca de Carrapuchiña. Pero, non só non dá con ela, senón que polo camiño recibe insultos, guíndanlle unha xerra de auga e ata un ladrillo.

Inventario ilustrado das árbores. Virginia Aladjidi. Ed. Faktoría k de libros. Frondosas, coníferas, palmeiras. Árbores de todo o mundo no que se explican aspectos científicos, ecolóxicos e simbólicos, con ilustracións de estilo naturalista.



Feliz feroz. El hematocrítico. Editorial Anaya. A irmá de Lobo Feroz está moi preocupada porque o seu fillo é boísimo. Para converterse nun verdadeiro lobo malo, Lobito visita ao seu tío e intenta facer o que el lle pide, pero sempre o estropea.

3º CICLO

Andanzas de Xan Farrapeiro. Ramón Caride. Editorial Xerais. Hai moitos anos vivía nunha aldea de montaña un home moi pobre. Pero Xan, que así se chamaba, era alegre, animoso, valente e ben espelido, por iso as cousas cambiaron cando atopou a dona dos penedos.



Cómo viven los animales. Christiane Dorion. Editorial SM. Como sobreviven os animais no Ártico? Por que algunhas especies son de auga doce e outras de auga salgada? Nesta guía atoparás respostas a estas e outras preguntas.

Estamos no verán!!! Charo Pita e Xoán Curiel. Editorial Galaxia. Libro-disco no que se conta a historia dun grupo de amigos xusto cando comeza o verán. O seu máis grande soño: ter un grupo de música. Acompaña a esta pandilla nunha aventura musical.



Mates divertidas para gente ingeniosa. Jonathan Litton. Editorial SM. Abre esta guía chea de lapelas e despregables e aprende por que o noso mundo funciona tal e como o coñecemos. Incluso podes facer os teus cálculos e comprobacións!

Selvas. VVAA. Editorial Macmillan. Descubre a inmensa variedade e riqueza da fauna e da flora da selva do Amazones desde o nivel do solo ata as árbores. Libro con pop-ups asombrosos.